



Concello de Celanova

## BASES DE PARTICIPACIÓN

- 1.- Habrá 3 modalidades de premios:
  - A.- Farois artísticos confeccionados polos propios participantes
  - B.- Ramos tradicionais engalanados con farois propios ou dos repartidos pola organización
  - C.- Fachada, local comercial ou rúa mellor adornado con farois
- 2.- Para optar ós premios é obrigatorio inscribirse na Oficina de Turismo do Concello de Celanova antes das 14.00 horas do día da Ramallosa e, nos casos A) e B), completar o percorrido tradicional da Ramallosa.
- 3.- Os grupos participantes no apartado A), ademais de portar o farol artístico deberán portar tamén ramos con farois tradicionais encendidos.
  - 3.1.- Consideraranse farois artísticos aquelas construcións que, seguindo os principios formais dun farol, reproduzan obxectos reais ou imaxinarios abertos á creatividade artística dos seus autores.
  - 3.2.- Non se pon límite ningún o tipo de material (papel, tela, plástico, etc.) utilizado para a confección deste tipo de farois, sempre e cando o efecto que se consiga sexa o propio dun farol e o obxecto irradie luz do seu interior.
- 4.- Os participantes que opten ó apartado B), deberán portar un ramo de loureiro, carballo ou calquera outra especie arbórea autóctona, do que pendurarán os farois encendidos.
- 5.- Non se permitirán vehículos motorizados nin a presenza de cabalos ou outros animais de acompañamento. Durante o percorrido do desfile e con carácter excepcional autorízase a presenza de carritos musicais, quedando prohibidos o remate do mesmo.
- 6.- Os participantes que opten ó apartado C), deberán manter os farois iluminados, cando menos en canto dura a Ramallosa.

Concello de Celanova

Plaza Maior, 1, Celanova. 32800 Ourense. Tfn: 888431481. Fax: 988451823

[Descarga das bases de participación na Ramallosa 2017 .](#)